

## O uso de *pobo* coa acepción de ‘entidade de poboación’ na historia da lingua galega<sup>1</sup>

Ramón Mariño Paz

Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela ✉

<https://dx.doi.org/10.5209/rfrm.91445>

**GA Resumo:** Neste artigo recompílese información sobre o significado da palabra *pobo* nas tres grandes fases da historia da lingua galega, poñendo o foco sobre a aparición e a extensión da innovación consistente en empregala para designar unha entidade de poboación. Tendo en conta os datos reunidos, conclúese que esta innovación penetrou no galego medieval a través de traducións de textos en castelán, estendeuse entre os letrados de Galicia no tempo posterior e xeneralizouse a partir do século XIX. Finalmente, achéganse datos que permiten colixir que o ditame descastelanizador que as actuais institucións estandarizadoras opoñen a este uso está a operar con máis eficiencia nos xéneros menos urxidos polas esixencias de inmediatez (literatura de ficción ou ensaio) ca nos que si padecen tales urxencias (xornalismo ou programas radiofónicos).

**Palabras chave:** cambio semántico, galego, *pobo*.

## ES El uso de *pobo* con la acepción de ‘entidad de población’ en la historia de la lengua gallega

**Resumen:** En este artículo se recopila información sobre el significado de la palabra *pobo* en las tres grandes fases de la historia de la lengua gallega, con especial atención a la aparición y la extensión de la innovación consistente en emplearla para designar una entidad de población. A la luz de los datos reunidos se concluye que esta innovación penetró en el gallego medieval a través de traducciones de textos en castellano, se extendió entre los letrados gallegos en la fase posterior y se generalizó a partir del siglo XIX. Finalmente, se aportan datos que permiten colegir que el dictamen descastellanizador que las actuales instituciones estandarizadoras oponen a este uso está operando con más eficiencia en los géneros menos urgidos por las exigencias de inmediatez (literatura de ficción o ensayo) que en los que sí padecen tales urgencias (periodismo o programas radiofónicos).

**Palabras clave:** cambio semántico, gallego, *pobo*.

## ENG The use of *pobo* with the meaning of ‘population entity’ in the history of the Galician language

**Abstract:** This article compiles information about the meaning of the word *pobo* in the three major phases of the history of the Galician language. Special attention is paid to the emergence and extension of the innovation consisting of using the word to designate a population entity. I conclude that this innovation penetrated medieval Galician through translations of texts that were written in Castilian, spread among Galician scholars in the later phase and became generalized from the 19<sup>th</sup> century onwards. Nowadays, the purist condemnation that current standardizing institutions have launched against this use is operating more efficiently in those genres less influenced by the demands of immediacy (fiction or essay) than in those that do suffer from these demands (journalism or radio programs).

**Keywords:** semantic change, Galician language, *pobo*.

**Sumario:** 1. As acepcións de *POPULUS* en latín. 2. As acepcións de *poblo* / *pobro* e *poboo* / *pouoo* no galego medieval (séculos XIII-XV). 3. As acepcións de *probo*, *pobo* e *pueblo* no galego medio (séculos XVI-XVIII). 4. As acepcións de *poblo*, *pobro*, *pobo* e *pueblo* no galego contemporáneo. 4.1. As súas definicións nos dicionarios.

<sup>1</sup> Este artigo insírese no marco do proxecto de investigación denominado *Diccionario histórico y etimológico de la lengua gallega (I): preparación de recursos, diseño y test inicial* (PID2019-105411GB-I00), financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España. Presento con el un pequeno contributo ao futuro dicionario histórico da lingua galega que xa reclamou Varela Barreiro (2015). Agradezo a Ricardo Pichel as achegas bibliográficas que me fixo para escribilo.

4.1.1. Dicionarios anteriores á apertura do proceso de estandarización. 4.1.2. O ditame estandarizador. 4.2. Os seus usos nos textos escritos. 4.2.1. De 1800 a 1915. 4.2.2. De 1916 e 1936. 4.2.3. De 1937 a 1981. 4.2.4. De 1982 en diante. 4.3. Os seus usos na lingua oral. 5. Conclusión. Fontes citadas. Bibliografía.

**Cómo citar:** Mariño Paz, R. (2024). O uso de *pobo* coa acepción de ‘entidade de poboación’ na historia da lingua galega. *Revista de Filología Románica* 41 (2024): 59-74. <https://dx.doi.org/10.5209/rfrm.91445>

## 1. As acepcións de *POPULUS* en latín

Con todos os matices que xustifican o recoñecemento de diversas acepcións nas obras lexicográficas que son de referencia obrigada para a lingua latina, podemos dicir que o substantivo *POPULUS* designaba nela, fundamentalmente, unha comunidade humana unida por lazos que poderían ser culturais, sociais, políticos ou dalgún outro tipo. Isto é o que pode verse, por exemplo, no prestixioso *Oxford Latin Dictionary*, que para a dita voz presenta as seguintes catro acepcións principais:

1. A human community, people, nation. [...] «Neminem uestrum ignorare arbitror hanc opinionem populi Romani fuisse» CIC[ERÓN]. [...]
2. The people (as transcending the individuals composing it), the State. [...] «Ut populus in has condiciones pacem iuberet» [TITO] LIV[IO]. [...]
3. The general public, populace, multitude. [...] «Populi rumore secundo» ENN[IO] [...]
4. A number of people, multitude, crowd. [...] «In populo tutior esse potes» OV[IDI]O (Glare 2004: 1405).

Esta é en esencia a mesma información semántica que moi resumidamente transmiten, por unha parte, o dicionario etimolóxico do latín de Ernout / Meillet (1985: 522) e, por outra, o *Romanisches Etymologisches Wörterbuch* de Meyer-Lübke (cfr. *REW*: s. v. *POPULUS*), que ademais informa de que o sentido básico de ‘Volk’ foi o que perdurou xeneralizadamente nos descendentes de *POPULUS* nas distintas linguas románicas, con poucas excepcións. Ora ben, unha obra como *Il dizionario della lingua latina* (2000) de Conte, Pianezzola e Ranucci descóbrenos que, aínda que infrecuentemente, esa palabra xa se utilizou nalgunha fonte latina coa acepción de entidade de poboación. Tal é o caso da seguinte pasaxe de Tito Livio, aducida no dito *dizionario*, en que *POPULUS* significa *paese* (‘aldea’) ou *regione*: «perventum inde ad frequentem cultoribus alium, ut inter montanos, populum» («desde alí a marcha proseguíu ata outra aldea, que tiña moitos habitantes por estar na montaña») (Conte / Pianezzola / Ranucci 2000: 928). No *Glossarium mediae et infimae latinitatis* (1678) de Du Cange lese tamén que no latín medieval esta voz adoptou acepcións como a de ‘freguesía’ ou a de ‘barrio dunha cidade’<sup>2</sup>, mais no *Corpus Documentale Latinum Gallaciae (CODOLGA)*, que reúne textos en latín de entre os séculos VI e XV que teñen relación co noroeste ibérico, non atopei ningún rexistro que me faga pensar nalgunha destas tres innovacións semánticas.

## 2. As acepcións de *poblo* / *pobro* e *poboo* / *pouoo* no galego medieval (séculos XIII-XV)

Do acusativo de *POPULUS* saíron dous tipos de resultados no galego medieval (cfr. Mariño Paz 2017: 221-222). Estaban, por un lado, aquelas variantes que se orixinaron como consecuencia da síncope da vogal átona postónica, con formación dun grupo consonántico secundario que puido mudar a consoante lateral por unha vibrante —*poblo* (CSM, TC), *pobro* (CSM), *plobo* (CDMACM, ano 1396), *probo* (OMOM, ano 1396)— e, por outro, as solucións que compartiran o feito de coñeceren a síncope da consoante lateral intervocálica: *po-boo* (CSM, TC, GE, CT, HT, MS, CI, GTL), *pouoo* (GE, HT), *povoo* (LCS, ano 1418)<sup>3</sup>.

Moi maioritariamente, estas variantes usáronse nas fontes medievais conservadas para se referir a distintos tipos de comunidades humanas. Creo que se pode dicir que en todos os casos que a seguir presentarei concorre un sema común (‘comunidade humana’) que ao se unir a outros semas diferenciais produce polo menos as seguintes seis acepcións<sup>4</sup>:

1. Comunidade humana unida polos seus caracteres étnicos ou polas súas crenzas relixiosas e que pode habitar, ou non, en distintos lugares do mundo:
  - a. Esto fez o **poblo** dos judeus malvaz (CSM).
  - b. Ao **poboo** dos d’ Irrael (CSM).
  - c. **Poboo** cristão (TC).

<sup>2</sup> Consulteino por medio do recurso dixital que reproduce a edición de Léopold Favre de 1883-1887 (cfr. Du Cange: s. v.). Niermeyer / Van de Kieft (2002: II, 1060-1061) tamén recolleron a acepción de ‘freguesía’ ou ‘parroquia’ no latín medieval.

<sup>3</sup> Para evitar prolixas sucesións de referencias numéricas a cantigas, versos, páxinas, capítulos ou liñas que resultarían enfadosas, sobre todo para min, remito os lectores deste artigo á consulta do *TMILG* cando queiran saber de tales datos. O *TMILG* é o recurso de onde tomei a gran maioría dos rexistros medievais que cito nas seguintes páxinas, nos que eu me limitarei a indicar mediante unha sigla —a adoptada en cada caso no *TMILG*— a obra en que aparecen.

<sup>4</sup> Para evitar problemas coa reprodución de fontes informáticas pouco comúns, prescindo nas citas medievais que seguen das letras <e>, <i> e <u> con tiles de nasalidade. Algunhas veces (as menos) simplemente eliminarei o til. Noutras ocasións (a maioría), substituireino por unha consoante nasal posnuclear que irá en letra itálica. Estas pequenas intervencións non alteran nada substancial nin teñen consecuencias que entorpezan a consecución dos obxectivos que persigo neste artigo.

- d. O **poboo** dos mouros (TC).
- e. Todo o outro **poboo** dos *cristãos* (TC).
- f. Et ontre todos estes nos achamos que aquel que o mellor entendeu et mostrou enno seu tempo que foy Abraã, et de cōmo o el fazia plougo moyto a Deus, onde quiso que el et os do seu linage fossem seu **pobóo** apartadamēte; et por esso os mādou çircondar, et daly sse começou a ley dos judios (GE).
- g. Et por ende ño quero que des aqui adeante te chamem Abraã, mays Abrafam, ca seras padre de moytas gentes et moytos rreys auera em teu [lyñage] [a que] darey a terra que a ty promyti, et serey seu señor et seu Deus deles, et elles serã meu **pouõo** (GE).
- h. Mays eu penso que en dizer de todoslos deus, et de todoslos çelestiaes corpos et contar los todos, que sera [esto] obra que aplazera a Deus ou ao menos que deue plazer aos que a oyrem; et as santas leys em [ellas] seerã mostradas aos **pobõos** de qual quer cousa que ellas sejã [teño] que moy bem he et deue de plazer a todos aqueles que o oyrem (GE).
- i. Estes lynages et terras et **pouõos**, que avemos dito segundo dizen Moysem et Josefo et mēestre Pedro, ouverõ os tres fillos de Noe segũdo suas gérações cada [hũus], et suas lengages, et seus regnos, et terras apartadas em suas gentes (GE).
- j. Capítolo de quantos som os **póboos** do mũdo (CT).
- k. Et os nomes dos mayores que yã cõ el som estes: eu dom Torpĩ, arçibispo de Rreens, por la mĩa preegaçõ esforçaua o **poboo** de Nostro Señor para lidar cõ os mouros et quitauoos dos pecados et ajũtauoos quanto podia cõ as mĩas armas (MS).
- l. Et por esto quiso Nostro Señor tornar porlo seu **pobóo**, que era este reino de Galiza, todo destruido porla maa vivenda destes caballeiros (C).

## 2. Conxunto de habitantes dunha vila, dunha cidade, dun castelo ou dun determinado país ou territorio:

- a. Na cidade, com' oý, || se Deus m' ajud' e parca, || San German dentr' era y, || un santo Patriarcha, || que foi a Virgen rogar || que dela acorrudo || foss' o **poblo** sen tardar || daquel mour' atrevudo (CSM).
- b. O castelo fortemente | foi derredor combatudo || e os muros desfezeron, | ond' en gran medo medudo || foi o **poblo** que dentr' era (CSM).
- c. [Fernando III] foy cercar Hubeda, vila de muyto **poblo** (TC).
- d. En aquel tempo tan bõo, | de que vos eu ora digo, || era o **pobro** de Roma | todo atan muit' amigo || da Virgen Santa Maria, | e avia ben consigo || a creença de seu Fillo | Jhesu -Crist' e de Deus Padre (CSM).
- e. Log' a queste feito taste foi sabudo || e o **poboo** da cidade movudo || loando a Virgen que é noss' escudo || contra o diabo e sas tentações (CSM).
- f. Entõ o bispo dõ Fernãdo de Leõ, cõ todo o **poboo** da çidade ajuntados en huu ena jgleia de *Sancta Maria* de Regla, rreceberõno por rey et por señor (TC).
- g. Jahem [...] he vila real et de gran **poboo** (TC).
- h. Et jndo adeante o Nylo, nasçendo ja ãno Egyto, cõ sua grande agoa, que aly leua, çerca a çidade Merçe, que e poblada dos negros, et o **pobõo** daly moy grande (GE).
- i. Et por esto et por aquilo que avemos contado que elles quiserã fazer aos angeos em casa de Loth, foy Deus cõtra elles moy sanudo, et choueo sobre elles et sobre toda sua terra fogo ardente, et xufre [emçendido] que queymou aquelas quatro çidades cõ seus **pobõos** (GE).
- j. Et Çesar, desto podes tu aver por testigo a color meesma do **pobõo** que mora em Etyopia, que som todos negros, et am o sangue queymado da grande caentura do sol, que aly faz o poder do seu feruor, et dos bafos do abrego, ou vendaual, que e [ontre] os ventos [o mays] caente, donde am os omês daly a color moy negra (GE).
- k. Et o **póvo** da cidade foi logo armado e saio contra Menalao, e iam bravos e sañudos (HT).
- l. Pois que o ãno fuj acabado que Éutor fora morto, el rrey Príamo et seu linagên et todo o **póbo** da çidade fezerõ por el aniuersario, o mays rrico et o mays honrrado que nũca outro fuy feyto (CT).
- m. Diseron que, por quanto Fernan Peres d' Andrade, caualeiro, lles enviara rogar et pedir que lle desen lugar en aquilo que a eles tangia das suas rendas que eles auian por la iglesia de Santa Maria de Viueiro ennos montes de Sor, por quanto y avia muyto **pouoo** et non auia y iglesias nen rectores que lles aminystrasen os sacramentos et os seruiren das cousas sperituales (VIM, ano 1392).
- n. Et os que caesen enas ditas penas, que sejan pinorados por los juises da dita çidade e por lo vigarrio do bispo et que as penas i os mrs dela que os teñan os ditos omees boos pera proueyto do dito conçello e cabiõdo et de todo o **poboo** da dita çidade (VFD, ano 1433).

Tal como se facía no latín medieval co plural de *POPULUS* (cfr. Niermeyer / Van de Kieft 2002: II, 1060), *poboos* tamén se empregou no galego medieval co sentido de 'habitantes': «Ño era bem ligeyro de fazer, ca muytos dos **poboos** [de Valencia] tijñã cõ os fillos de Abuagid» (TC); «Et auia moy grã mortaydade ennos **poboos** da vila *con* fome, et *con* coyta comiã os gatos et os caes et os mures» (TC); «Os **poboos** d' aqueles lugares aviã moi grã creença en el, et virõ esto, quiserõ tomar aqueles que esto fezerã et eles fogirõ» (MS); etc.

## 3. Conxunto dos súbditos dun monarca, dun caudillo ou dun nobre:

- a. Conta a estoria que os de Toledo [...] *ajuntarõse* todos en huu et diserõlle [ao rei don Afonso] que defendesse seu **poboo** et sua terra (TC).

- b. Et Alagib *quer* dizer en arauigo tãto como ‘sobreçella’ enno castelão, o[u] ‘ome *que* tem lugar de rrey’, como auemos ia departido suso ante desto ena estoria; por *que* a sobreçella assy he como defendemento et cobertura dos ollos, ca assy era el [Almanzor] cobertura et defendemento de seus **poboos** (TC).
- c. Et este conde dō *Sancho* amou seus **poboos** et defendeu muy ben a sua terra (TC).
- d. Et despoys este rrey don Afonso moueuse *para* fazer hun grande agrauamento a seus **poboos** (TC).
- e. Et mentre que aquelas molleres esto faziã a Sarra Deus noso señor [enbargou] a Faraõ cõ moytos pleitos de seu **pouóó** que lle aconteçerom em aquela sazõ, segũdo diz Josefo (GE).
- f. Et máis vos digo *que non* avía em aquel tempo rei nem príncipe *que tanto* amase seu **póvo** como aqueste (HT).
4. O conxunto dos leigos dunha comunidade que profesa unha determinada relixión, por oposición á clerecía:
- a. E foi corrend’ ao bispo | e confessou-sse-lle ben, || e contou-ll’ este miragre, | que sol non ll’ en leixou ren, || ant’ a crezeria toda. | E o bispo fez bon sen || e mandou assũar taste | o **poblo** grand’ e mēudo (CSM).
- b. Et aj[un]tarõsse huu dia el rrey et o legado et o primado et muy grã gente da clerizia et todo o **poboo** da vila, [et] contenderõ et departirõ sobre elo muyto, parandosse a clerizia et o **poboo** contra el rrey et a rreyna et o legado (TC).
- c. Et a cabo de sete ãnos que el foy bispo, en huu dia de Pascoa, vierõ os apostolos a Iherusalem et preguntaos por los miragres et maravillas que Deus por eles faziã, et eles diserõllos ante todo o **poboo** (MS).
- d. Et achegou todo los príncipes dos sacerdotes et os meestres do **poboo** et preguntoulles hu avía de naçer Cristo (MS).
- e. Por ende estabescemos que o deam et arçidiagos desta nosa iglesia que agora son ou foren daqui endeante, cada huun todas las iglesias da sua dignidade et os clerigos et **pobos** de cada huua cada anno por sy meemos, segundo os dereytos mandan, visiten et de cada iglesia assy vesitada receba et aja por procuraçon a contia y acostumada, asi que de cada dia vesite huua iglesia tan solamente (SHIG, ano 1390).
- f. Et foy a dita Egleia Conpostelana moy onrrada porlo santo obispo Dalmaçio, et a clerizia et **pobóó** librados de moytos traballos (CI).
- g. Et ordenou *que* cada añõ *que* a clerizia et **pobóó** de Santiago fose ally en priçisson o primeyro luus de Pascoa (CI).
5. A xente común, por oposición aos grupos sociais dominantes:
- a. Et enviarõle pidir *que* lles dese cada ano L<sup>a</sup> donzelas das mays fillas dalgo, cõ *que* casasen, et outras L<sup>a</sup> das outras do **poboo**, cõ *que* ouuesem outrosi seus solazes et seus deleytos (TC).
- b. Os mouros, nõ podendo sofrer esto *nen* os outros maes *que* faziã enno **poboo**, [...] começarõ de sse alçar et fazerlle muyto mal et muyta terraria (TC).
- c. Et este he [nosso] Señor Ihesu [Cristo], que e señor comunal a todos, de príncipes, et de prelados, et de **pobóós** (GE).
- d. Pero disseron que por quanto alguas de veses aconteçia que por rason de vos de hermandade os do **povoo** se alvoroçavan contra alguas personas que non eram obrigados a justiça segundo o thenor da dita ley, que por ende mandavan e declaravan que nihua persona non fose ousada de lançar, nen chamar nen braadir a vos de hermandade contra home de justiça e ofiçal que tena lugar de faser justiça e recadar dereituras de noso señor el rey e de noso señor o arçobispo e de outras personas que tangen a ofiçio de justiça nen veziño contra veziño (LCS, ano 1418).
- e. Et quando os condes et potestades de Galiza viron *que* o dito obispo, fillo do dito conde Rui Vaasques, *non* usava dereitamente como devia, *nin* era bóó catholico, *nin* regia ben a egleja, *nin* trautava ben o **poboo** *nin* os ricos homes da terra, avido seu consello, levantaron por rei a Veremundo (CI).
- f. *Que* lles davan os reis d’ España [aos mouros] cada ano cen donzellas *virgees* de maravillosa firmosura, et cincoenta moços, fillos dos nobres d’ España, et outros tantos fillos dos homes do **pobóó** (CI).
6. Hoste, o conxunto dos guerreiros preparados para o combate baixo o mando dun caudillo:
- a. Et fays de todo teu **poboo** tres azes, et entraras tu enna hua conos meos de parte d’ourient[e], et seerey eu y cõtigo en aquela aaz (TC).
- b. Et tam grandes fogos daua pela boca [hua serpente], *que* todosos da oste se vijã huus outros. Et despertaron o conde, *que* iazia dormindo; mays, *quando* el foy esperto et leuãtado, passada era aquela serpe[n]te. Et o conde, *quando* sse leuãtou, uiu todo seu **poboo** aleuantado daquela visom *que* uir[ã] (TC).
- c. Outro día de manãa, Agamenõ mãdou chamar tódoslos rreys et príncipes et grandes senores da hoste et todo o outro **póbo** comunalment (CT).

Cómpre observar que a maioría dos rexistros que acabo de ofrecer procede de textos en prosa non documental que son, maioritaria ou completamente, traducións de obras en castelán (TC, GE, HT e CT). Poderase pensar, con toda a razón, que en tales casos o significado do substantivo galego estará determinado polo que *pueblo* ou as súas variantes tivese en cada ocasión nas fontes traducidas. Ora ben, as acepcións primeira,



segunda, cuarta e quinta aparecen tamén en textos en que non se dá a circunstancia referida (*CSM, MS, CI, LCS, VFD, VIM*), o que permite afirmar con suficiente fundamento que no romance galego se desenvolveron de forma non mediatizada polo influxo castelán. E exactamente o mesmo cabe pensar da sexta ('hoste'), xa que se trata dunha acepción ben coñecida para *POPULUS* no latín medieval (*cf.* Niermeyer / Van de Kieft 2002: II, 1060), en que tamén temos constancia da comparecencia da cuarta (*cf.* Niermeyer / Van de Kieft 2002: II, 1061).

Carece do sema 'comunidade humana' e contén, polo contrario, o de 'comunidade animal' unha sétima acepción que se pode definir así: 'a facenda, o conxunto de animais de que se dispón nun casal'. Trátase dun significado para o que só teño constancia coas variantes fonéticas *pobro, probro, poblo* e *poblo* (nunca coas derivadas da síncope da consoante lateral alveolar en posición intervocálica e a consecuente formación do hiato <oo>) e que só detectei en seis documentos notariais subscritos entre finais do século XIII e finais do XIV por notarios instalados en Mondoñedo ou en localidades próximas a Mondoñedo, polo que cabe conxecturar que debeu de tratarse dun uso particular daquelas terras que naquel tempo se desenvolvería como consecuencia do emprego de *probar / pobrar* ou *poblar* (< lat. *vg.* \**POPULARE*) co sentido de 'dotar un casal de animais'. Esta acepción deste verbo comparece nos exemplos b, c e d da seguinte relación:

- a. Et áa morte do postremeyro de nos anbos que uier ffigue este herdamento ao moesteyro liure et desenbargado *cun* casas et *cun* perfeytos et *cun* na meatade de quantos **pobros** et gáados et pressas et pã seco et uerde áa saço y for (*DGS 13-16*, ano 1296; Monfero).
- b. Outrossi deuen a endereçar as casas moy ben et manteellas et probalas de dous boys et de duas vacas de veynt roxelos boos et vna porca boa con seu porco; et aa morte delles ficar aos domnos este **poblo** nas casas con as cubias et presas que nas casas ouuer (*VIM*, ano 1309; documento subscrito por «García Fernandes, notario del Rey en Viueyro»).
- c. Outrossi deuen a endereçar as casas moy ben et manteellas et probalas de dous boys et de duas boas vacas de veynt roxelos boos et vnna porca boa con seu porco et aa morte delles ficar aos domnos este **poblo** nas casas con as cubias et presas que nas casas ouuer (*CDMACM*, ano 1309; documento subscrito por «Affonso Estevaez, coygo et notario publico do cabidoo da iglesia de Mendonnedo; Pedro Yanes, notario publico jurado dado do bispo»).
- d. Et a dia de minna morte deuoles leyxar a dita casaria poblada de vn iugo de boys boos et de tres uacas et viinte rexelos. Et se eu y enton teuer mays ganado de meu que todo les y fique para seruiço de sancta Maria. [...] Et mentre eu for viuio deuo teer en min a dita casaria et dar aa sayda de cada vnna das ditas tres proçissoes quinse libras desta moeda que agora corre del rey don Affonso que fassen quarenta mor. curtos et depoy de minna morte que lles fique liure et desembargada a dita casaria con todo seu herdamento et con todas conpras et gaanças et melloramentos et con todo seu **poblo** et eles que façan por ela as ditas proçissoes cada anno por sempre commo dito he... (*CDMACM*, ano 1333; documento subscrito por «Pedro Yanes, raçoeyro et notario publico da yglesia de Mendonnedo»).
- e. Iten mando ao moesteyro de santa Coonba todo o mou quinon da herdade que eu Pedro Maseda aio en Seselle por uos de Pol et por conpras et por gaanças et a minna meatade do terreo que ias aa su a casa de Johan Peres que foy de Maria Peres do Sonmo con todo o meu quinon do **poblo** que ten o dito Johan Peres et mays lle mando toda a minna auoenga de Fityro (*CDMACM*, ano 1346; documento subscrito por «Affonso Fernandes, notario de Bretonna»).
- f. Deu en pura doaçom sen outro endusimento et engano algun, mays de sua pura, liure et boa voontade, por amor de Deus et daquelles a quen era theudo, et por que o dito moesteiro et frayres del o manteuesem em sua vida et que lle disesem huna misa cantada en cada hun anno por sempre, o seu casal de Santa Çeçilia con todo seu **probó** et boo paramento ao dito mosteiro de Sam Martinno et frayres del (*OMOM*, ano 1396; documento subscrito por «Afonso Ferrandes, notario publico jurado dado do bispo de Mendonnedo en na çibdade de Villarmayor»).

Finalmente, en tres obras en prosa non documental do século XIV detectei varios usos de *poblo, povoo* e *poboo* co sentido de 'entidade de poboación'. Trátase de traducións de textos en castelán en que a voz galega é traslado do substantivo *pueblo*.

Na que hoxe se coñece como *Crónica geral galega*, das primeiras décadas do Trescentos, lese o seguinte:

Et enas festas dos apostolos San Pedro et Sã Paulo a çidad[e] de Cordoua, a que a estoria chama patriçia das outras çibdades —esto he padrõa et exemplo dos outros **poblos** da Andaluzia— foy aquel dia alimpada das suzidades de Mafomade, et foy dada al rrey don Fernãdo, et el entregado dela (*TC*, 548.252).

No idioma galego trátase da máis antiga documentación deste castelanismo semántico que eu coñezo. Repárese ben en que se trata dun rexistro que se encontra nun texto que é unha tradución dunha fonte castelá, a *Crónica de Castilla*, que na pasaxe anteriormente transcrita reza da seguinte maneira nos dous manuscritos sobre os que realizou a súa edición Patricia Rochwert-Zuili:

E en la fiesta de los apóstoles sant Pedro e sant Pablo, la çibdat de Córdoba fue de los christianos, a que la estoria llama ronçia de las otras çibdades, e ésta es padrona e enxiemplo de los otros **pueblos**<sup>5</sup>

<sup>5</sup> Que na *Estoria de España* de Afonso X, despois parcialmente refundida na *Crónica de Castilla*, se lea nesta pasaxe *pueblas* («de las otras pueblas») (*cf.* *TC*: 814) confirma que o sentido con que *pueblos* se empregou aquí foi o de 'vila', que é tamén o que ten *poblos* en idéntico lugar do relato de *TC*, que anteriormente citei.

del Andalucía. E fue aquel día alinpiada de las suçiedades de Mahomat e fue dada al rrey don Fernando e entregado d'ella (CC, p. 313).

Na *Historia troiana* (ca. 1365-1373) localizamos outros dous rexistros con esta acepción:

- a. [En] todo esto sonou por toda a isla de Colcas et por tódolos **póvoos** do reino a viida destes gregos sobre aquel feito (HT, II, p. 1405).
- b. Por estes juízos que dava, depois que o souberon, as gentes fóronlle dando preço de juíz dereitu-reiro. Et despois que esta fama gaañou foi crescendo porlos **póvoos** que lle chamavam Aleixe, et diséronlle depois Paris (HT, II, p. 1498).

A fonte da que procede o primeiro destes dous fragmentos é a *General estoria* de Afonso X (cfr. Pichel 2013: I, 147-164; Corral Díaz / Pichel 2020: 41), que nesta pasaxe reza «**pueblos** del regno» (cfr. Pichel 2013: II, 1405). Canto ao segundo, o que lemos na *General estoria* é o seguinte: «e pues que esta fama ganó e fue creciendo en ella por los **pueblos**, sobre el nombre que le llamavan antes Alexe dixéronle después Paris» (GEC: II, 191).

A terceira obra trescentista en que esta acepción comparece é o *Livro das confissões*, que se pode datar entre 1360 e 1380 (cf. Corral Díaz / Pichel 2020: 127-133):

O terçeyro casso he conçello ou **poboo**, ou collegio vniuerssidade que fezeren pagar ao clerigo ou aas personas Eclesiasticas, ou aas Jgleias peagee, ou portagee por rrazon das cousas que non son tragidas en rrazon de mercadoria nen de gaança, fican Interdictos ata que façan enmenda do dapno e do torto, estas coussas [...] \do quarto casso/ acharas enno casso da escomoyon enno xxvijº casso e he do conçello, ou **poboo**, ou collegio [que] alugan cassas aos aos vssureyros magnifestos que veen de fora. O quinto casso he todo conçello ou **poboo** ou vniuersidade que outorgaren, ou husaren taes pennores como se soen ffazer ennas quaes oque non ha culpa rreçebe dapno por outro se estes taes pennores alguñ clerigo ou rreligioso ou Moesteyro, ou Jgleia r[r]eçeb[e]n a[g]raueamento [---] (LC, p. 678).

Esta pasaxe está integrada nun fragmento desta tradución galega do *Libro de las confesiones* (ca. 1312-1317) de Martín Pérez, que na primeira das tres ocorrencias aquí citadas reza «conçejo o collegio o **pueblo** o universidat que fizieren pagar a clerigo... », na segunda «conçejo o **pueblo** o collegio que alquila casas o arrienda» e na terceira «conçejo o **pueblo** o universidat que otoregaren o usaren tales prendas... » (LCC, p. 262). Non ocultarei que nesta pasaxe *poboo* (no antígrafo, *pueblo*) semella usarse como sinónimo de *conçello* (ou *conçejo*) —así como *collegio* parece empregarse como sinónimo de *vniuersidade* (ou *universidat*)—, sen dúbida porque a corporación que tomaba decisións sobre os asuntos que afectaban a xente que habitaba nunha entidade de poboación acabou sendo nomeada coma se en esencia fose esa mesma entidade. Poderíase dicir que se trata de rexistros en que *pueblo* e *poboo* se sitúan xustamente na sutilísima divisoria que separaría o sentido de ‘corporación dunha entidade de poboación que toma decisións sobre os asuntos que afectan a esa entidade’ e ‘a entidade de poboación propiamente dita’<sup>6</sup>.

Que esta acepción só compareza en obras traducidas do castelán e como traslado do substantivo *pueblo* torna moi verosímil a hipótese de que non se desenvolveu endoxenamente en galego, senón que se importou desde o romance de Castela e probabelmente non circulou daquela fóra deste tipo de produtos lingüísticos, é dicir, na gran maioría dos usos orais e escritos do idioma galego daquel tempo. No castelán Corominas e Pascual (1987 / 1989 / 1991: s. v.) sinaláronlle unha primeira documentación no *Libro de Buen Amor* (ca. 1330-1343) do Arcipreste de Hita, mais hoxe en día o *Corpus del Diccionario histórico de la lengua española* (CDH) permítenos rescatarlle exemplos seguros xa en textos de mediados do século XIII. Véxanse dous deles<sup>7</sup>:

- a. Pues prendiet enxiemplo, Madre, de los que son finados de los rreyes y de los otros omnes de los otros lugares que se derribaron y que se hermaron y tantos buenos castiellos y buenos **pueblos** que se derribaron y que se ermaron (*Libro de los buenos proverbios que dijeron los filósofos y sabios antiguos*, ca. 1250).
- b. Buena tierra de caça e buena de venados,  
de río e de mar muchos buenos pescados,  
quien los quiere rezientes, quien los quiere salados,  
son d'estas cosas tales **pueblos** muy abastados (*Poema de Fernán González*, ca. 1250).

As voces que no galego medieval se empregaron habitualmente para designar o tipo de núcleo de poboación que en castelán empezou a chamarse *pueblo* desde polo menos o século XIII foron *vila* e *cidade*, que en moitas das nosas fontes daquel tempo non só non se diferenciaron claramente, senón que incluso se utilizaron como sinónimos, aínda que con tendencia, igual ca en castelán e noutros romances (cfr. Corominas / Pascual 1987 / 1989 / 1991: s. v. *villa*), a ir reservando *cidade* para as poboacións máis grandes e importantes

<sup>6</sup> Obsérvase como na seguinte pasaxe do orixinal castelán o primeiro destes dous sentidos é claro na primeira ocorrencia da palabra e o segundo na segunda: «E si algunos muchos, asi commo un **pueblo**, fiziesen postura e jurasen, e fuese tal la postura e la jura que la pudiesen ellos mismos quitar unos a otros asi commo es dicho de suso, si con condición fue fecha, asi se guarde commo fue la condición. Asi commo si algunos de algund **pueblo** jurasen que non cogiesen leña de su monte por un tienpo, digamos çinco años, esta es jura que se pueden ellos quitar, ca non se faze sinon a omes» (LCC, p. 169).

<sup>7</sup> Os detalles bibliográficos dos textos aquí citados atoparanse doadamente no CDH.

e *vila* para as menores en tamaño e relevancia<sup>8</sup> (cfr. *DDGM*: s. v. *vila* e *cidade*). Polo contrario, os rexistros de *poblo*, *povoo* e *poboo* con esta acepción que antes presenteí son completamente excepcionais e pódense explicar convincentemente como froitos de labores de tradución desatentos, descoidados. Do meu punto de vista, os usos que se observan na seguinte pasaxe dos *Miragres de Santiago*, unha obra que coñecemos a través dun manuscrito que se pode datar entre finais do Trescentos e principios do Catrocentos, son representativos do estado en que esta cuestión se debía de encontrar na maioría das variedades orais e escritas do galego naquel tempo:

Et ante que a **vila** fose çercada, fui demostrado por lo Spiritu Santo aos santos et aos cristiãos que morauã en Iherusalem, que se fosen d' y par' huu castelo que he chamado Pela, que he tras lo rrio de Jordam, ca Nostro Señor queria fillar vingança d'aquela **vila** et do **poboo** maldito (*MS*, p. 37).

A vila aquí mencionada era Xerusalén e o pobo maldito, o xudeu. Por tanto, empregábanse aquí consecutivamente *vila* coa acepción de 'entidade de poboación (grande e importante)' e *poboo* coa de 'comunidade humana'. A fonte latina que nesta pasaxe de *MS* se vertía, que é a *Legenda Aurea* de Jacobus de Voragine, dicía nesta pasaxe, respectivamente, *urbe* e *populo*: «tam de urbe sacrilega quam de populo scelerato» (*apud MS*, p. 259).

### 3. As acepcións de *probo*, *pobo* e *pueblo* no galego medio (séculos xvi-xviii)

Nas escasas fontes dispoñíbeis para o estudo deste período detectei catro acepcións destas palabras que conteñen o sema 'comunidade humana'. Nos textos do século xvii e da primeira metade do xviii atopei só a forma *pobo* (*MFCC*, *HDS*, *FM5*, *HSII*); nos da segunda metade do xviii (*RUSA*, *CFB*), unicamente o castelanismos lexical *pueblo*. As catro acepcións a que me refiro son as seguintes<sup>9</sup>:

1. Comunidade humana unida polos seus caracteres étnicos ou polas súas crenzas relixiosas, que pode habitar, ou non, en distintos lugares do mundo:
  - a. O **pobo** de Israel (*HDS*, p. 36).
  - b. Gardou Deus a o Ynfante Pelayo de muitos traballos para restaurar o Seu **Pobo**<sup>10</sup> (*HSII*, p. 121).
  - c. E por esso quiso noso Señor tornar por lo seu **Pobo** todo destraido por la maa viuenda de estos Caualeyros<sup>11</sup> (*HSII*, p. 204).
2. O conxunto dos leigos dunha comunidade que profesa unha determinada relixión, por oposición á clerecía: «Avisou San Payo Hermitaño [...] á Theodomiro, Bispo de Iria-Flabia, que logo veu co[n] Presbyteros, è Homes, é chegou à XXIII de Julio a Solobio, [...] è pola mañan cantou Missa ò santo Bispo en Solobio, è se foy à aquel lugar onde estaba ò alto Robre, [...] fasta que chegaron onde estaba à Santa Coba, è entrou dentro, [...] è puseromse en orazon, è jajuaron todo ò **pobo**» (*MFCC*, pp. 360-361).
3. A xente común, por oposición aos grupos sociais dominantes:
  - a. El [Alonso III de Fonseca] ò servicio ordinario / Alcançou que non se pague, / En que non librou o **Pobo** / de pouca cautiuidade (*FM5*)<sup>12</sup>.
  - b. E despois en Palencia dousse ma morte a Juan de Benauides, e el **Pobo** dou en dezer lla deran dous hirmaos que auian seu renome Caruajales (*HSII*, p. 189. Non se trata dun traslado de *Cl*).
  - c. Asistiron as Senoras, / as de tintin e abanico, / as de habito do Carmen, / as Senoras do pouquiño, / e as de media tixeira, / e tamen as de trapiño. / Todos estes convidados / foron polo consavido / Señor Cura de Silobre / con recados politicos; / ademais XSente do **Pueblo** / que xsà leran os

<sup>8</sup> O itinerario semántico da voz *vila* demanda un tratamento demorado e panorámico que eu non lle podo dar neste artigo. Sobre el ofrecen esclarecedores datos e reflexións Corominas e Pascual (1987 / 1989 / 1991: s. v. *villa*). Do concreto caso galego pódese dicir que, segundo Portela e Pallares (1998: 15-16), na prosa latina dos documentos notariais dos séculos ix e x percíbense dous elementos esenciais no significado das ocorrencias da palabra *villa*: «un territorio, siempre muy precisamente delimitado, y un conjunto de actividades humanas relacionadas con la habitación y con la explotación de la tierra». Por tanto, unha *villa* era na Galicia altomedieval, coma noutros espazos ibéricos, un territorio delimitado con precisión onde un grupo de persoas vivía exercendo labores de cultivo das terras, aproveitamento dos montes e cría do gando. Ora ben, nos amplos marcos desta definición cabían realidades diferentes, xa que nese territorio podía haber ou non un lugar reservado para a residencia señorial e ademais «los hogares campesinos [podían] hallarse agrupados en un solo lugar de la villa, constituyendo una aglomeración única, o [podían] hallarse agrupados en varias aglomeraciones, más o menos alejadas entre sí, en cuyo caso en la villa [habría] más de una entidad singular de población» (López Alsina 2008: 63). Dá a impresión, pois, de que unha *villa* altomedieval puido devir tanto no que hoxe consideramos unha freguesía ou parroquia (que habitualmente ten máis de un núcleo de poboación, máis de unha aldea, inda que non sempre) coma no que na actualidade denominamos aldea (cfr. Andrade 1996: 278-279, 280, 290; Portela / Pallares 1998: 43). Por outra parte, o galego medieval compartiu cos romances veciños o proceso semántico que o levou a dotar a palabra *vila* dun novo significado: o de núcleo habitado con certos caracteres urbanos (cfr. Corominas e Pascual 1987 / 1989 / 1991: s. v. *villa*; García Arias 2018-2021: s. v. *villa*, *la*).

<sup>9</sup> Os datos dos rexistros presentes en textos que foron incluídos no recurso Gondomar pódense atopar neste lugar: <http://ilg.usc.gal/gondomar/>. Dos tirados de obras non integradas en Gondomar indico a páxina en que se encontran. A datación de todos eles consta en Gondomar e na bibliografía deste artigo. Presento os exemplos ordenándoos de maior a menor antigüidade.

<sup>10</sup> Algúns segmentos desta obra do século xviii son trasladados da *Crónica de Iria (Cl)* do século xv. Non é o caso desta frase.

<sup>11</sup> Esta oración si é un traslado de *Cl*, onde lemos o seguinte: «Et por esto quiso Nostro Señor tornar porlo seu **pobóo**, que era este reino de Galiza, todo destruido porla maa vivenda destes caballeiros».

<sup>12</sup> O servizo ordinario, como tamén o extraordinario, era durante o Antigo Réxime un imposto propio da coroa de Castela que só debía pagar o *estado llano*, e non os nobres.

edictos / qu'-habia polas esquinas / de que predicaba un fillo / do Ferrol; todos estaban / renegando por ohilo (*RUSA*).

- d. Aquietese, señor Aldea, / que se ó **Pueblo** se alborota / e peor que úa Balea / picada dua javota (*CFB*).
- e. Nua lacena mitido / mentras ó **pueblo** berrando / quemolo ber fritido / casi ó home morto estaba (*CFB*).

4. En plural, grupo numeroso de persoas: «Avia en ela [na cidade de Iria Flavia] un ydolo a Isis e Osoris, foe moy venerada da gentilidad, e concurrían ali grandes **pobos** a fazer orazon» (*HDS*, p. 59).

Tamén son moitas nas fontes deste tempo as ocorrencias da acepción 'entidade de poboación', expresada coas variantes galegas *pobo* e *probo* en textos do século XVII e da primeira metade do XVIII e co castelán *pueblo* nas da segunda metade do Setecentos. Comezo polas de *MFCC*, *HDS*<sup>13</sup> e *JNC*:

- a. San Fiz era **Pobo** de CCCC Mouradores (*MFCC*, p. 360).
- b. Un **pobo** chamado Maside (*HDS*, p. 35).
- c. E [Hispan] fez acabar a Cadiz, que Hercoles fundara, e fez vila e morou nela. E fez en Galicia o Castelo Ylion Arazitano e Yria Flavia e morou tambien en ela. E fez bonos **pobos**, e junto a la peña e coba encantada que deyxou Hercoles chamada Govia, poboou ali cidade (*HDS*, p. 38).
- d. E estas conpanas se foron de ayqui a Castela e poboaron Segenza, Cordova, Panplona, Toledo con outros moytos **pobos** en España (*HDS*, p. 40).
- e. A Claudio sucedeu Nero, que foe malvado e naceu en Cordova e sua may era galega de la cibdade de Luco de un **pobo** chamado Nero (*HDS*, p. 47).
- f. Abayxo desta cibdade está un gran castro chamado Fagundo e ao redor dyl oubo outra poboazon, e no meo do **pobo** estava unha gran estatua ò deus Marte Ephebo (*HDS*, p. 62).
- g. Ilustrissimo Señor, / Oy à miña Musa toda / Say à praza à publicar / As honras da nosa Aurora / De Reza, que è nosa imagen / Què en iste **Probo** [= A Reza, Ourense] se adora / Por Patroa singular, / Por Alegre, por Señora, / Por Galega, por Paisana, / Por ser de Ourense à alma toda (*JNC*<sup>14</sup>).

*HSII*, o falso cronicón elaborado, glosado e ampliado por Pedro de Otero Romero y Torres entre 1713 e 1737, contén tamén dous rexistros de *pobo* con esta acepción en fragmentos da parte escrita en galego que o autor non copiou da *Crónica de Iria* de Rui Vasques:

- a. E en estes tempos era Lugo Cabeza e Colonia romana donde residia a chancelleria, nomeauasse Lucus Augusti, e tiña 16 **pobos** sugetos con suas comarcas, que se compoñían de 160.000 veciños, alende os escrauos (*HSII*, p. 89).
- b. [Afonso X] Fezo ende novos **pobos** e lugares en Galizia e Lion (*HSII*, p. 183).

Quizais teñamos tamén este significado na seguinte pasaxe de *RUSA* (1777), onde *pueblo* podería facer referencia a Ferrol ou se cadra, cómpre recoñecelo, aos seus habitantes:

O demais n'-estibo malo: / se os qu'-ohiron n'-entenderon, / il non tibo culpa, amijo, / qu'-o sarmon era pra outra / poblacion mais distinguida: / dentro d'-hunha Catedral, / diante todo hun cavildo, / porqu'-este **pueblo** hast'-ahora / esta moy mal estruhido.

Finalmente, tamén cabe supoñer a presenza desta acepción nos seguintes versos de finais do século XVIII:

Dixolle aquel jran farol / que ó seu feito tan fatal / ainda Fose no Ferrol / mirariano moy mal. / Contestou ó Bacanota / ¿Qué me importa, qui diantres? / Bayona ten mala nota / no Ferrol en todas partes. / Cun dito tan indecente / na boca dun falador / Fixo nun Fose prudente / quen fora consiliador / no amor Patrio firido<sup>15</sup> / aquel dino Beterano / biu diante un enemigo / do seu **Pueblo** [= Baiona] muy amado (*CFB*).

Con certeza, estes testemuños evidencian que o uso de *pobo*, *probo* ou *pueblo* con esta acepción era común entre os galegos instruídos dos séculos XVII e XVIII, e creo significativo o feito de que, ao contrario do que ocorría cos rexistros do XIV que antes presenteí, da maioría destes do galego medio podemos dicir con segurancia que non son traducións apresuradas e descoidadas do castelán *pueblo*. Sen dúbida, no galego da xente letrada este uso estaba ben consolidado daquela, mais sen chegar, nin moito menos, a desterrar o emprego de *vila* co mesmo significado, que tiña raíces medievais e se conservaba non só entre as persoas

<sup>13</sup> Menos claramente, mais creo que co mesmo significado, vézolo tamén aquí: «Como Hercoles matou a Caco, fundou moytos **pobos** das gentes que tragia de Grecia, que unos eran de terra de Tiro e los outros de Ausona. E fondó diles a Tirasona, agora Taraçona, e fez a Urgel. E de las dez naves, deyxou unha en Cadiz, e las nobe lebou a Galiza. E mandó que en Urgel fincasen as VIII; e coa outra aportou a Barcanona, tanto dize como la novena barca; agora Barcelona. E conquistó a toda Esperia, e tubo sabor de yr polo mundo a probar las aventuras e de los saberes e grandes fechos. E deyxó gentes nos **pobos** dos que trouxera consigo, e pus en cada **pobo** homes de seu linage» (*HDS*, pp. 37-38). Obsérvese que, inmediatamente despois de afirmar que Hércules fundou moitos *pobos*, o autor concreta e menciona dous deles: Tarazona e Urgell (La Seu d' Urgell). Hai aínda en *HDS* outros rexistros de *pobo* en que a palabra semella ter tamén esta acepción. Pódense consultar doadamente no glosario desta obra.

<sup>14</sup> Quizais obra do quirogués Luís de Losada y Prada e non de Josef Noguero y Camba (*JNC*), como apunto en Mariño Paz (2020: 137-138).

<sup>15</sup> No ms., «firiado».



con formación, senón na xeneralidade da comunidade galegofalante, como a mediados do século XVIII aseguraba o padre Sarmiento<sup>16</sup>. Isto é o que permiten concluír tamén tanto as 40 ocorrencias de *vila* que facilita o recurso Gondomar<sup>17</sup> como estas outras, tomadas de dous textos non incluídos nel, *HDS* e *HSII*<sup>18</sup>:

- a. E poboaron hy quatro **vilas** chamadas Oca, Calahora, Taraçona e Eprica o Auripa; e Julio Cesar, *quando* la ganou, Cesar *Augusta*, agora Zaragaza (*HDS*, p. 35).
- b. E Gatelo fundou outra **vila** chamada Brigantia en *Sancti*ago, *que* estava arriba do rio Sarela chamada *San Finz* de Solovio, donde havia un castelo do apelido do nome d' Espana, e outro en Bonaval, chamado 'do Camino', *que* era todo dun señor (*HDS*, p. 35).
- c. *Tamben* aportaron en Galiza os bandalos e de aqui foron a Andalucía, e *tamben* os cusios *que* asentaron en Galizia e feceron una **vila** chamada Lucena *que* está de Orenes quatro legoas junto a un pobo chamado Maside (*HDS*, p. 35).
- d. E fez acabar a Cadiz, *que* Hercoles fundara, e fez **vila** e morou nela (*HDS*, p. 38).
- e. E non quixo casar con ninguno fasta aver diles un don *que* les pedio: *que* o primeyro *que* acabase de fazer muros, tores e pazos en Cadiz, casaria coaquel *que* primeyro acabase a sua parte e ponte por donde os homes entrasen na **vila** (*HDS*, p. 38).
- f. E outra vez os de Zamora se levantaron contra Roma, e veu grande exercito contra yles, e se cercaron dentro da **vila** (*HDS*, p. 43).
- g. Quinto Sereno, natural da **Vila** de Samos (*HSII*, p. 91).
- h. Foi este emperador Galego da **Vila** de Coca (*HSII*, p. 97).
- i. Por dispossicon de Santo Toribio, Obispo de Astorga e mandado do Papa se fez en Galicia o Concilio Celenensse a par da **Vila** da Garda en a era de 486 (*HSII*, p. 102).
- j. Santa Ygreja e **vila** de Yria de Padron (*HSII*, p. 181).
- k. Juan Rodriguez de Biezma, *que* tina os castelos de Allaris, Monterrey e Celme, Aluar Rodriguez Ossorio, *que* mandaba esta **vila** e os seus castelos... (*HSII*, p. 195).
- l. Juan Perez de Noboa, *que* tina a **vila** e castelos de Ponteuedra... (*HSII*, p. 195).
- m. E era Donzel do dito rey Joan Rodriguez, natural de esta **Vila** de Yria, home *que* sigueu as letras e de pouco a cá morreu freire en o Conuento de Eruon (*HSII*, p. 201).
- n. ... e lle socedeu D. Rodrigo de Luna, *que* tamen destraeu as rendas e *por* esto e *por* los pedidos grandes *que* deitara en a Cidade, **vilas** e lugares, desasperaron del, e pasou grandes trauellos e guerras con os caualeyros de seu Arcobispado e con os cidadaos de esta **cidade** de Santiago (*HSII*, p. 201).
- o. Outrosi resideu con o dito Arcobispo D. Rodrigo el Cauildo de Santiago en a **Vila** de Padron a cerca de dous anos fasta *que* se decercou a cidade (*HSII*, p. 203).
- p. Ca en o ano de 1427 lo prendeu o dito Bernal Yañes en a **Vila** de Noya e tebo presso dous anos, pouco mais (*HSII*, p. 203).
- q. E resesteu a la hermandad en o Castelo de Allariz Luis de Abreu, e el Conde de Lemos Per Alvarez Ossorio la desuaratou en Ponferrada, **vila** da sua muller, despois *que* derrocara moitos castelos por Galicia (*HSII*, p. 205).

Na *Historia de don Servando* (ca. 1625-1637) é evidente que *vila* e *pobo* se utilizaron como sinónimos, unhas veces para se referir a poboacións pequenas como Calahorra ou Tarazona (cfr. p. 35; «vilas»), Maside ou Sigüenza (pp. 35, 40; «pobos»), e outras a entidades grandes e importantes como as «vilas» de Zaragoza (p. 35), Cádiz (p. 38) e Zamora (p. 43) ou os «pobos» de Córdoba (p. 40), Pamplona (p. 40) e Toledo (p. 40). Das 11 ocorrencias de *HSII* o que cómpre dicir é que só tres (as que na anterior relación levan as letras n, o e p) son trasladados de *Cl* e que, mentres que Santiago de Compostela (pp. 201, 202, 203, 204), A Coruña (p. 89), Ourense (pp. 103-104) ou León (pp. 89, 139, 160) son mencionadas na obra como *ciudades*, a voz *vila*, da mesma forma ca *pobo* (pp. 189, 183), tende a reservarse para poboacións menores como Samos (p. 91), Coca (p. 97), A Guarda (p. 102), Iria (p. 181, 201) ou Ponferrada (p. 205). Con todo, os alcances semánticos destas palabras tampouco están nitidamente perfilados neste texto, que chama *ciudades* a Astorga (p. 139) ou Tui (pp. 139, 176) e *vila*, conforme un uso tradicional que perdura ata hoxe, a unha poboación equiparábel a estas dúas como é Pontevedra (p. 195).

<sup>16</sup> Isto é o que translocen con claridade as seguintes palabras de Sarmiento (1970: 164, 212), que deixan ver que a voz *vila* se utilizaba entón para se referir a poboacións de importancia que tamén se podían considerar *ciudades*: «A VILA DO REINO. Por ser tan populosa, antigua y amena, le doy el título de vila 'pro famosiori' y por el adagio 'Pontevedra é boa vila'. [...] «A VILA AO EIDO. A vila supone siempre por Pontevedra, que es la capital de todo aquel país. Así son trivialísimas estas expresiones: 'está na vila, vay na vila, vamos á vila, veño da vila', etc.». Naquel tempo, pois, era «trivialísimo» empregar o termo *vila* para designar unha entidade de poboación de certa importancia.

<sup>17</sup> Algunhas delas refírense a poboacións como Pontevedra, Baiona, Santiago de Compostela e probablemente A Coruña. Outras non teñen un referente definido. Noutros textos A Coruña e Compostela preséntanse como *ciudades* (cfr. Gondomar).

<sup>18</sup> Parece non ter esta acepción, senón a de 'explotación agraria', o seguinte caso de *HSII* (p. 175), que non é un traslado dun fragmento de *Cl*: «E morto este sucedeulle D. Gomez, a quen o dito D. Fernando dou en Galicia e Lion moitas Comendas, bens, **vilas** e castelos por las guerras que facian e auian de facer a os Mouros».

## 4. As acepcións de *poblo*, *pobro*, *pobo* e *pueblo* no galego contemporáneo

### 4.1. As súas definicións nos dicionarios

#### 4.1.1. Dicionarios anteriores á apertura do proceso de estandarización

Unha simple equivalencia «*pobo* ou *povo* = *pueblo*» é o que atopamos no *Diccionario del dialecto gallego* (1858) de Luís Aguirre del Río, no *Diccionario gallego-castellano* de Francisco Javier Rodríguez (1863), no *Vocabulario gallego-castellano* (1865) de Juan Manuel Pintos e mais no *Vocabulario popular gallego-castelán* (1926) de Xosé Filgueira e outros. Coa apostila «según el V[ocabulario de la]C[rónica]T[royana]», que suxire que o autor non coñecía esta palabra no galego moderno, esta equivalencia é tamén o único que vemos para *poboo* no *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (1958-1961) de Eladio Rodríguez González<sup>19</sup>.

Certamente, é pouco o que achegan para o cumprimento dos obxectivos deste artigo estes glosarios ou dicionarios. A única consecuencia que podemos tirar da lectura deles é que probabelmente os seus autores xulgaban que o substantivo galego *pobo* tamén se usaba ou podía usar co sentido de 'entidade de poboación', xa que o castelán *pueblo*, que eles ofreceron como equivalencia de *pobo* sen ningunha restrición, contén desde a Idade Media esta acepción, que é ademais a que ocupa o primeiro lugar no primeiro dicionario da Real Academia Española (1726-1739) (cfr. *NTLLE*) e tamén no seu actual dicionario en liña (cfr. *DLE*). Inda que eles non o digan, eu creo que eses lacónicos glosaristas e dicionaristas galegos do XIX e do XX deberon de limitarse a substituír por *pobo* o castelanismo *pueblo* que probabelmente oírían de continuo no galego popular, executando así unha descastelanización lexical, mais non semántica.

Polo contrario, no tocante ao pormenor de que aquí me ocupo si foron explícitos Juan Cuveiro Piñol, Marcial Valladares Núñez, Leandro Carré Alvarellos e José Ibáñez Fernández<sup>20</sup>. Obsérvase que nos seus dicionarios recoñeceron expresamente para esta palabra a acepción de 'entidade de poboación', que segundo Carré e Ibáñez podía ser tanto de tamaño grande («Ciudad») coma de tamaño pequeno («Pueblo») (cfr. *DdD*):

Juan Cuveiro Piñol (1876), *Diccionario gallego*: «POBLA y POBO. Pueblo, población».

Marcial Valladares Núñez (1884), *Diccionario gallego-castellano*: «POBO. Pueblo, lugar poblado. / Conjunto de habitantes».

Leandro Carré Alvarellos (1928-1931), *Diccionario galego-castelán*: «POBO. Pueblo. Ciudad. V. Vila. / El vulgo. Nación. V. Nazón»<sup>21</sup>.

José Ibáñez Fernández (1950), *Diccionario galego da rima e galego-castelán*: «POBO. Pueblo. Ciudad. El vulgo. [...] POVO. Pueblo».

Con todo, esta produción lexicográfica anterior á apertura do proceso de estandarización tamén pon en evidencia que no galego popular dos séculos XIX e XX perdurou o emprego de *vila* para designar unha entidade de poboación que podería corresponderse tanto co que no castelán moderno se coñece como *villa* ou *pueblo* coma co que se entende por *ciudad* (cfr. *DdD*). Por tanto, a difusión do castelanismo *pueblo* veu a estender a competencia do seu uso co do tradicional *vila*, mais non condenou este ao seu completo abandono, nin moito menos.

#### 4.1.2. O ditame estandarizador

A norma léxica do galego do noso tempo é a que se expresa no dicionario da Real Academia Galega (RAG) (cfr. González González 2012), que se construíu sobre a base dun *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (VOLG) que o Instituto da Lingua Galega (ILG) e a Academia lanzaron en versión provisoria e non venal en 1989 (cfr. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega [1989]) e xa definitiva en 2004 (cfr. González González / Santamarina Fernández 2004). O primeiro dicionario que a RAG e o ILG publicaron despois do lanzamento desta versión provisoria do VOLG foi o *Diccionario da lingua galega* de 1990, en que se lle recoñeceron ao substantivo *pobo* dúas acepcións:

**pobo** s.m. 1. Conxunto de homes que viven nun lugar determinado e teñen en común a lingua, as tradicións ou as institucións. *O pobo galego. O pobo de Barcelona*. 2. Por oposición ás clases con máis poder económico ou social, a xente común e humilde, que é a maior parte dunha poboación. *É un home do pobo*. cfr. **plebe, vulgo** (Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 1990: 586).

Por tanto, o primeiro ditame normativo sobre esta voz excluíalle a acepción de entidade de poboación<sup>22</sup>, presumibelmente por considerala un castelanismo. Coa simple substitución de *homes* por *persoas* na definición da primeira acepción, este artigo mantívose no *Diccionario da Real Academia Galega* de 1997 (cfr. Real Academia Galega 1997: 914) e no actual dicionario en liña ampliouse cun terceiro significado que non é senón un particular desenvolvemento da acepción básica de 'conxunto de persoas':

<sup>19</sup> Recompiliei estes datos mediante o *DdD*.

<sup>20</sup> Non o foi, en cambio, Xosé Luís Franco Grande, que no seu *Diccionario galego-castelán* (1972) unicamente dispuxo para a primeira acepción do substantivo *pobo* unha equivalencia «*pueblo*» que só implicitamente permite supoñer que tamén lle recoñecía a esta voz galega a posibilidade de significar 'entidade de poboación': «POBO. Pueblo. / El vulgo. / Nación».

<sup>21</sup> Nas seguintes edicións Carré desdobrou a segunda acepción: «El vulgo. / Nación. Véase *Nazón*. / Pueblo. Ciudad. Véase *Vila*» (1933); «Pueblo. Ciudad. Véase *Vila* / El vulgo. / Nación. V. *Nazón y povo*» (1951, 1979).

<sup>22</sup> Para a expresión deste significado reservábanse nesta obra *vila* e *cidade*, a primeira para as poboacións máis grandes e importantes ca as aldeas e a segunda para as máis grandes e importantes ca as vilas (cfr. Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega 1990: 161, 793). Este criterio mantívose no *Diccionario da Real Academia Galega* de 1997 (cfr. Real Academia Galega 1997: 260, 1205) e no actual dicionario en liña (cfr. González González 2012: s. v.).

**pobo**

substantivo masculino

**1.** Conxunto de persoas que viven nun lugar determinado e teñen en común a lingua, as tradicións ou as institucións. *O pobo galego. O pobo de Barcelona.* **2.** A xente común, que é a maior parte dunha poboación, en contraposición ás clases con máis poder económico ou social. *É un home do pobo.* **CONFRÓNTESE PLEBE, VULGO.** **3.** Conxunto de persoas que están unidas por unhas mesmas crenzas relixiosas, unha orixe común, ou calquera outro lazo. *O pobo xudeu. O pobo cristián* (cfr. González González 2012: s. v).

Os dicionarios modernos que se atañen á norma oficial seguen este ditame académico, coas esperábeis diferenzas no relativo ao número de acepcións recoñecidas e ás súas definicións mais concordando na exclusión do significado de entidade de poboación, que mesmo se explicita no *Gran diccionario Xerais da lingua*: «É incorrecto o uso desta palabra para designar ‘unha entidade de poboación maior cá aldea e menor cá cidade’, para a que se debe empregar *vila* (hoxe *visitámo-la vila de Corcubión*, e non \**o pobo de...*)» (Carballeira Anllo 2000: 1535).

## 4.2. Os seus usos nos textos escritos

Utilizarei fundamentalmente o Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG) para reunir os datos que me permitan presentar as acepcións con que foron utilizados o substantivo *pobo*, o castelanismo *pueblo* e as variantes de ambas as voces nos textos escritos en galego desde 1800 ata hoxe en día. Distinguirei catro etapas: unha de 1800 a 1915, outra de 1916 a 1936, outra de 1937 e 1981 e outra de 1982 á actualidade. A primeira correspóndese con toda a época anterior á aparición do nacionalismo galego e caracterízase polo feito de que nela o purismo lingüístico, aínda non sendo descoñecido, distou moito de atinxir a intensidade que si alcanzou entre 1916 e 1936, cando o cultivo do idioma galego, promovido en boa medida –mais non só– polo nacente nacionalismo, adoitou facerse con esixencias de intelectualización, desruralización e descastellanización. Nos anos posteriores á instauración do franquismo en Galicia no mes de xullo de 1936 foise conseguindo –moi devagar ata a década de 1950– unha recuperación do cultivo escrito do galego e da publicación nesta lingua, recuperación que a partir dos anos sesenta se fixo xa en consonancia coas orientacións que naqueles tempos foron proporcionando algunhas gramáticas e propostas normativas aínda non oficiais. Por fin, a publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982) marcou o inicio do proceso de estandarización xa planificado, que no relativo ao léxico se concretou, como antes dixen, co *Vocabulario ortográfico da lingua galega* de 1989 e, polo que ao significado da voz *pobo* se refire, no *Diccionario da lingua galega* que a RAG e o ILG publicaron en 1990. Para a análise deste cuarto e último período valereime tamén do Corpus de Referencia do Galego Moderno (CORGA)<sup>23</sup>.

Como o número dos textos escritos e publicados en galego a partir do século XIX aumentou exponencialmente respecto dos producidos no tempo anterior, debo tomar neste apartado dúas decisións que me permitan darlle a este artigo a extensión debida. En primeiro lugar, unha vez expostos os pormenores da aparición e a progresión das acepcións de *pobo* como colectivo humano nas dúas seccións anteriores, contentareime nesta con afirmar que estas acepcións se mantiveron sen mudanzas relevantes no galego escrito moderno e poñerei o foco sobre o obxectivo básico desta contribución: a recolleita de información sobre a expansión do seu uso co sentido de entidade de poboación, que encontrou na Galicia dos últimos douscentos anos condicións que a impulsaron extraordinariamente. Por outra parte, dado que o TILG ofrece 12.064 rexistros do lema *pobo* en xéneros distintos da literatura popular e do etnotexto entre 1800 e 2013, en cada un dos catro períodos que antes presentei só aducirei os testemuños observábeis na obra dun reducido pero representativo grupo de escritores.

### 4.2.1. De 1800 a 1915

Nesta fase en que, en xeral, o galego escrito non opuxo grandes resistencias á incorporación dos castelanismos que xa corrían entón no galego popular, abundan os testemuños da transferencia semántica que estudo nestas páxinas. Ofrezco, para empezar, unha selección de casos tomados de textos anteriores á aparición de *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, textos en que, con todo, é moitísimo máis frecuente para a expresión do significado que aquí nos interesa a utilización de *vila*, un lema para o que o TILG devolve 210 rexistros entre 1800 e 1862:

- Deronlles por lei á os **pobros** / Facultades de nomar / Alcaldes que os gobernasen / Con xusticia é con verdade (Manuel Pardo de Andrade: *Os servís e os liberás*, 1814).
- Polo artículo 310 *da santa Costitusion*, os **poblos** ou frejesias que chejen à mil almas, formarán un ayuntamiento composto de Alcaldes, Rixidores, è Síndicos Precuradores que nombran os visiños à sua voluntad (*Diálogo entre Dominjos e Farruco*, 1820).
- No Ayuntamiento vai moito / ser feliz, ou desgraciado / un **Pueblo**; pois teñan conta / co' que vai á ser nombrado (*El Fiscal de los Jueces*, 26/12/1821<sup>24</sup>).
- Facemos mui ben o papo / Sin procatarnos de lobos / Nin de ladros, que nos **pobos** / Ja sabes n'os pode haber, / Porque hay gendarmes serenos, / E empregados vigiantes, / E os dormidos habitantes / Ningun medo deben ter (Juan Manuel Pintos, *A gaita gallega*, 1853).

<sup>23</sup> Para non lle dar a este artigo unha extensión inasumíbel, remito para o TILG e o CORGA o lector interesado en coñecer a referencia bibliográfica de cada texto que cite de aquí en diante.

<sup>24</sup> Este rexistro, que non figura no TILG, tomeino de *Papés 1*, p. 583.

Na obra da poeta que hoxe se xulga xeneralizadamente como o gran clásico da literatura galega moderna atopo dous rexistros deste castelanismo, mais tamén 10 de *vila*, palabra da que por certo se di no glosario de *Cantares gallegos* (1863) que daquela xa tendía a abandonarse en favor de *siudade*: «*Vila*, en gallego se usa indistintamente esta palabra para indicar una ciudad o una villa, aunque al presente suelen decir *siudade*». Velaquí os dous casos de *pueblo* como entidade de poboación que se len nos versos de Rosalía:

- a. E namentras, contempraba, / da igual, estensa llanura, / a terra que branqueaba; / do largo pinar cansado / a negra mancha sin término, / do **pueblo** o color queimado (Rosalía de Castro: *Follas novas*, 1880).
- b. Xa novembr' espiraba / cando, cansado e soo, tomei asento / ó pé do endebre muro, / vella defensa e límite dun **pueblo** (Rosalía de Castro: *Follas novas*, 1880).

Na extensa produción do ourensán Valentín Lamas Carvajal detectei entre 1875 e 1890 30 usos seguros de *pobo*, nunca *pueblo* ou *pueblo*, como entidade de poboación, entre elas a seguinte: «as casiñas brancas do **pobo** onde nacín» (Valentín Lamas Carvajal: *A musa das aldeas*, 1890). No entanto, as de *vila* chegan a 41 no mesmo corpus deste autor.

#### 4.2.2. De 1916 a 1936

Fronte a 41 de *vila*, na obra ensaística e narrativa que Alfonso D. Rodríguez Castelao publicou nestes 20 anos só localicei 4 casos de *pobo* coa acepción castelanizante que nesta investigación procuro. Nos dous primeiros, e quizais tamén no terceiro, o seu referente parece ser unha vila, mentres que no cuarto podería ser unha aldea:

- a. E os dous xuntos son a risa do **pobo** nos domingos e días de gardar (Castelao: *Cousas (II)*, 1929).
- b. E no meio das campas érguese sempre un cruceiro que da car'a plaza do **pobo** (Castelao: *As cruces de pedra na Bretaña*, 1930).
- c. O cemeterio na Bretaña é o centro do **pobo** (Castelao: *As cruces de pedra na Bretaña*, 1930).
- d. As casiñas dun **pobo** corren xuntas ao redor dun outeiro (Castelao: *Os dous de sempre*, 1934).

Polo contrario, nas publicacións narrativas e ensaísticas de Ramón Otero Pedrayo nas mesmas dúas décadas o uso que buscamos foi frecuentísimo, pois cheguei a contabilizarlle 49 ocorrencias de *pobo* que moi a miúdo teñen como referente non unha vila, senón unha aldea<sup>25</sup>. Selecciono entre elas as seguintes catro:

- a. Durmiron nun **pobiño** despoixa de Lalín (Ramón Otero Pedrayo: *O estudante*, 1928).
- b. Poucos **pobos** e cregos tiñan mor paz que Trasouto (Ramón Otero Pedrayo: *Os señores da terra*, 1928).
- c. A ladeira esquerda, cara o **pobo** de Novela, figura moito máis labourada (Ramón Otero Pedrayo: *A terra de Melide*, 1933).
- d. Paréceme estar botado nos sillóns do Casino do **pobo** (Ramón Otero Pedrayo: *Devalar*, 1935).

Para as poboacións maiores, vilas ou cidades, Otero adoitou reservar o termo *vila*, do que lle reunín 132 ocorrencias neste período: «Eu desexo morrer en Sant-Iago. Éche a soila **vila** onde as covas teñen carácter de eternidade» (*O estudante*, 1928); «Melide figura unha **vila** anterga» (*A terra de Melide*, 1933); «Manxaban salchichas dinas dun Burgmeister da **vila** imperial de Frankfurt» (*Fra Vernerio*, 1934); etc.

Iso si, nas obras deste tempo destes dous clásicos da Xeración Nós o uso de *pueblo* ou *pueblo* está desterrado, cunha anecdótica excepción de Otero en que a palabra ten a acepción de 'xente de condición humilde': «Cando estaba nela figuraba nas ledas xuntanzas dos fillos do **pueblo**» (*O estudante*, 1928).

#### 4.2.3. De 1937 a 1981

Como director literario da editorial Galaxia, Ramón Piñeiro foi con certeza un home que exerceu un notábel control sobre o galego publicado a partir de 1950. Pois ben, na súa obra só localicei, como raras excepcións entre outros moitos que portan o sentido de comunidade humana, catro casos de emprego de *pobo* coa acepción de entidade de poboación:

- a. O libro estaba firmado en Ribadeo. ¿Cómo era posible que me fora descoñecido un escritor galego dun **pobo** que tanto visito e en que tantos vencellos amistosos teño? (Ramón Piñeiro: *Olladas no futuro*, 1974).
- b. Ti viñas de recorrer o **pobo** á percura dunha tenda que non atopabas (Ramón Piñeiro: *Olladas no futuro*, 1974).
- c. Detivémonos en Ribadavia porque [...] sentíronse sorprendidos da súa evocativa semellanza con algúns **pobos** do Tirolo (Ramón Piñeiro: *Olladas no futuro*, 1974).
- d. Finalmente veu percurá-lo a filla máis nova, que estaba casada nun **pobo** de Cuenca (Ramón Piñeiro: *Da miña acordanza*, 1976).

<sup>25</sup> Nas obras publicadas na posguerra Otero mantivo o uso frecuente de *pobo* con este significado (cfr. *TILG*). Para o castelán *pueblo* os dicionarios da Real Academia Española recoñecen a súa posibilidade de designar unha poboación pequena en tamaño e importancia xa desde o de 1726-1739, onde se di que a palabra significa «el *Lugar* ó Ciudad que está poblado de gente» (a itálica é miña). Esta posibilidade exprésase con maior clareza a partir da edición de 1869, en que se lle asigna á voz esta primeira acepción: «El *Lugar*, villa ó ciudad que están poblados de gente» (a itálica é miña). Cfr. *NTLLE*.



Con certeza, no galego ensaístico e epistolar de Piñeiro esa acepción expresouse moito máis a miúdo coa palabra *vila*, para a que achei 27 ocorrencias neste período.

Da obra narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín, un dos escritores máis sobranceiros do grupo que empezou a publicar nos anos cincuenta, o *TILG* devolveume para este tempo, fronte ás 29 ocorrencias de *vila* con este significado, sete claramente castelanizantes de *pobo*, todas no libro de relatos *Percival e outras historias* (1958) e ningunha nos textos posteriores do autor que o dito recurso inclúe. Véxanse dúas delas:

- a. Pro unha noite chegou un automóbel negro ao **pobo** (Xosé Luís Méndez Ferrín: *Percival e outras historias*, 1958).
- b. De feira en feira voaban os sinás, e nos **pobos** o sacerdote instruía a mocidade na escuridade máxica das carballeiras (Xosé Luís Méndez Ferrín: *Percival e outras historias*, 1958).

Na celebrada novela *Adiós, María* (1971), de Xohana Torres, detectei tres rexistros de *pobo*, un deles coa acepción de entidade de poboación maior ca a aldea e menor ca a cidade: «logo haberá por exemplo dúas maxas en tal e cinco en cal, dez por cada **pobo** e cen por vila». Nesta obra *vila*, que é unha denominación que parece reservarse para as cidades, aparece en 22 ocasións: «Este run run da **vila**, coches, xentes, ruidos, bocinas, tracatrá, pun, pi, ¡pero qué disparate unha **cidá** tan chea, qué mareo!».

#### 4.2.4. De 1982 en diante

Neste período non identifiquei ningún caso co sentido de entidade de poboación entre os usos de *pobo* que reúne o *TILG* no verso ou na prosa narrativa producidos ata 2013 por dous destacados escritores do noso tempo: Darío Xohán Cabana e Manuel Rivas. O que si detectei foron 33 ocorrencias de *vila* nas obras do primeiro e catro nas do segundo: «Da **vila** do Pindo e de Quilmas serpexaba pola estrada unha riola de mulleres cara á igrexa de San Mamede» (Darío Xohán Cabana: *Vidas senlleiras*, 1992), «Acompañárame en escolta a unha **vila** chamada Corcubión» (Manuel Rivas: *Os libros arden mal*, 2006)...

No ensaio histórico *A Galicia clásica e barroca* (1998), de Ofelia Rey Castelao, infiltrouse só nunha ocasión o castelanismo semántico que andamos a buscar entre as 15 ocorrencias do lema *pobo* que nel aparecen: «A preocupación pola mellora da rede viaria converteuse nunha constante nas críticas dos ilustrados e nas reclamacións de Xuntas, concellos, **pobos** e particulares». Nesta obra a acepción que nos interesa expresouse normalmente co lema *vila*, do que temos 51 rexistros.

No *CORGA* procurei usos en textos xornalísticos publicados en 1985, 1995, 2005 e 2015. A sondaxe revelou altos índices de mantemento do castelanismo semántico mesmo nos anos máis próximos a nós: 7 casos que estimo claros entre un total de 17 rexistros do lema en 1985, 29 de 165 en 1995, 23 de 201 en 2005 e aínda 32 de 242 en 2015. Nestas ocorrencias a palabra designa maioritariamente unha vila, pero tamén por veces unha aldea. Véxase unha escolma de só catro casos:

- a. Ós sete anos, nun **pobo** chamado San Boi, vin por primeira vez unha película (J. E. Díaz Noriega, en *Entregas de Comunicación Cultural*, 1985).
- b. Onte tivo lugar no **pobo** asturiano de Cudillero o funeral polo mariñeiro morto no naufraxio (*La Voz de Galicia*, 1995).
- c. Melide serviu como plató para ese imaxinario **pobo** situado na Galicia interior de mediados dos anos sesenta (*Galicia Hoxe*, 2005).
- d. **Pobos** humildes, ciscados pola Chá: Taboi, Cela, Mosteiro, Bonxe, Aguiar, Folgueira, Matela, Sobrada, Arcillá (Francisco Puñal Suárez, en *Novas do Eixo Atlántico*, 2015).

Para os mesmos catro anos mencionados o *CORGA* ofrece 14, 151, 130 e 148 rexistros do lema *vila*, respectivamente.

Parece, pois, que nos nosos días este castelanismo semántico ten máis doada a infiltración na prensa ca na literatura e no ensaio, seguramente porque na primeira, dadas as esixencias de inmediatez con que nela se traballa, son menos estritos os controis que si se aplican aos libros por parte das editoriais, que adoitan contar con revisores expertos que dispoñen de tempo suficiente para desterrar deles mesmo os castelanismos máis sutís.

### 4.3. Os seus usos na lingua oral

Unha incompleta aproximación aos valores semánticos de *pobo*, *pueblo* e as súas variantes na lingua oral popular é o único que permiten facer as coleccións de poesía de transmisión oral dos séculos XIX, XX e XXI e os etnotextos tomados de monografías dialectais das últimas décadas que se agruparon no *TILG*. Por súa vez, as transcripcións gráficas de programas radiofónicos de finais do XX e principios do XXI que se integraron no *CORGA* a partir da súa versión 3.0 ofrecen algunhas pistas sobre o impacto que a prescrición normativa tivo sobre o uso da palabra *pobo* no galego oral formal ou semiformal dos últimos 25 anos, aproximadamente.

Pois ben, o *TILG* proporciona 92 ocorrencias de formas do lema *pobo* en coleccións de poesía popular de entre 1881 e 2004. Nada menos que 75 delas, algunhas repetidas, portan inequivocamente o significado de entidade de poboación, case sempre unha aldea. Só 10 destas 75 ocorrencias se expresan coa forma *pobo(s)* ou *pobiño*, mentres que chegan a 65 as que se materializan co castelanismo *pueblo(s)*, entre elas a máis antiga, procedente da *Literatura popular de Galicia* (1881) de Juan Antonio Saco Arce: «Tanta laranxa da China, / tanto limón polo suelo, / tanta nena panadeira / como habita n'este **pueblo**». Pola súa parte, os etnotextos integrados neste recurso achegan 194 rexistros do lema entre 1969 e 2004: 191 coa forma *pueblo(s)*, 2 coa

forma *pobos* e 1, inserido nun texto de Asturias, coa forma *poblo*. Case todos eles se refiren a unha aldea ou, minoritariamente, a unha vila, con escasas posíbeis excepcións que non paga a pena discutir aquí.

Para *vila* o *TILG* ofrece 163 rexistros en fontes da literatura popular e só 9 en etnotextos de entre 1969 e 1984 (1 deles como *villa*). Se conxugamos este dato dos etnotextos co feito de que nas fontes da literatura popular haxa 96 rexistros de *vila* entre 1858 e 1886 e só 68 entre 1927 e 2004, creo que podemos afirmar que esta fonte invita a pensar nun declinio do emprego deste substantivo no galego popular da última centuria, no que con certeza se substituíu xeneralizadamente polo castelanismo *pueblo*, como vimos no parágrafo anterior.

Canto ao *CORGA*, coido que resulta significativo que 13 dos 47 rexistros do lema *pobo* que proceden de gravacións radiofónicas sexan casos en que a palabra designa unha entidade de poboación, case sempre unha vila, mais tamén, polo menos nunha ocasión, unha aldea: «un **pobo** pequeno de Montederramo» (1997). Son usos datados en 1996, 1997 e 2016, con 12 ocorrencias da forma galega *pobo(s)* (ou *pobiño*) e unha do castelanismo léxico *pueblo*: «os chavales de aquí do **pueblo**» (1997). Estes rexistros dan testemuño da permanencia deste castelanismo semántico, e por veces tamén lexical, mesmo no galego semiformal destas emisións radiofónicas das últimas décadas. Con todo, cómpre deixar constancia de que o *CORGA* tamén ofrece 27 testemuños de *vila* como entidade de poboación maior ca a aldea e menor ca a cidade que proceden de emisións de 1996, 1997, 2013, 2015 e 2016. Do meu punto de vista, este último dato fálanos da existencia dun esforzo consciente por manter este uso secular nos estilos formais e semiformais en que con maior severidade se espera que se sigan as prescricións descastelanizantes propias do estándar actual.

## 5. Conclusión

Aínda que, raramente, do substantivo *POPULUS* pode chegar a acharse nas fontes latinas algún rexistro en que ten a acepción de entidade de poboación, o seu significado básico era o de 'comunidade humana', o de 'Volk' (cfr. *REW*), que foi tamén o que xeneralizadamente perdurou nos distintos espazos románicos, con non moitas excepcións.

En efecto, as fontes do galego medieval revelan que neste espazo ibérico noroccidental a voz *poboo* e as súas variantes se usaron entón comunmente con acepcións que portan ese sema, mais as ditas fontes tamén conteñen unhas poucas ocorrencias en que a palabra se empregou para designar unha entidade de poboación. Como estas ocorrencias só se dan en tres obras traducidas do castelán no século XIV en que aparecen como traslado do substantivo *pueblo*, podemos concluír que esa acepción non se desenvolveu endoxenamente en galego, senón que chegou a el desde o romance de Castela e moi pouco debeu de circular daquela fóra do reducido ámbito deste tipo de produtos lingüísticos. Para a expresión deste significado as voces que se empregaron xeneralizadamente no galego medieval foron *vila* e *cidade*, entre as cales aínda estaban lonxe de callar as diferenzas de tamaño e importancia que as distinguen hoxe.

A exploración das fontes do seguinte período puxo de manifesto que o castelanismo semántico sobre o que trato neste artigo estaba consolidado no galego dos letrados dos séculos XVII e XVIII, mais sen acantoar o tradicional uso de *vila*, que aínda mostra moita vitalidade nos textos daquel tempo.

Tanto as fontes lexicográficas coma os textos escritos, a literatura popular e os etnotextos conteñen datos que invitan a deducir que o castelanismo semántico *pueblo* 'entidade de poboación' se estendeu con rapidez en galego nos séculos XIX e XX, durante o tempo anterior á apertura do proceso estandarizador que se iniciou coa declaración de cooficialidade no Estatuto de Autonomía de 1981. Os datos recompilados suxiren que no galego escrito as resistencias fronte a el foron en aumento a partir do período constitutivo do nacionalismo galego (1916-1936), coas esperábeis diferenzas entre uns autores e outros. O ditame descastelanizador que lle opuxeron o *ILG* e a *RAG* na década de 1980 operou con máis eficiencia na literatura de ficción e no ensaio ca no xornalismo e nas emisións radiofónicas, onde sen dúbida a inmediatez con que se produce a comunicación dificulta a interposición de barreiras fronte a este sutil castelanismo, que a miúdo perdura tras a simple substitución da palabra *pueblo* pola palabra *pobo*.

## Fontes citadas

### Recursos informáticos utilizados

*CDH*: Real Academia Española (2013): *Corpus del Diccionario histórico de la lengua española (CDH)* [en liña]. <<https://apps.rae.es/CNDHE>> [Consulta: 18/07/2023].

*CODOLGA*: Carracedo Fraga, Xosé (dir.) (2021): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*, versión 18. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<http://corpus.cirp.es/codolga>> [Consulta: 21/03/2023 e 22/03/2023].

*CORGA*: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)* [4.0]. <<http://corpus.cirp.gal/corga/>> [Consulta: setembro de 2023].

*DdD*: Santamarina, Antón (coord.) (2006-2013): *Diccionario de diccionarios (Corpus lexicográfico da lingua galega)*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/ddd/index.php>> [Consulta: 19/06/2023].

*DDGM*: González Seoane, Ernesto (coord.) (2006-2012): *Diccionario de diccionarios do galego medieval. Corpus lexicográfico medieval da lingua galega*. Seminario de Lingüística Informática - Grupo TALG / Instituto da Lingua Galega. <<https://ilg.usc.gal/ddgm/>> [Consulta: xullo de 2023].

*Gondomar*: Álvarez, Rosario / González Seoane, Ernesto (eds.) (2017): *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/gondomar/>> [Consulta: 22/05/2023].

- NTLLE:** Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. <<https://apps.rae.es/ntlle/SrvItGUISalirNtlle>> [Consulta: 23/06/2023 e 12/09/2023].
- TILG:** Santamarina, Antón (dir.) / González Seoane, Ernesto / Álvarez de la Granja, María: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/TILG/>> [Consulta: xullo e setembro de 2023].
- TMILG:** Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/tmilg/>> [Consulta: marzo, abril e maio de 2023].

### Correspondencias das siglas de obras medievais consultadas por medio do **TMILG**<sup>26</sup>

- CDMACM:** Cal Pardo, Enrique (ed.) (1999): *Colección diplomática do arquivo da catedral de Mondoñedo*.
- CI:** *Crónica de Santa María de Iria* (1467-1468).
- CSM:** *Cantigas de Santa María* (segunda metade do séc. XIII).
- CT:** *Crónica troiana* (1373).
- DGS 13-16:** Martínez Salazar, Andrés (ed.) (1911): *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*.
- GE:** *Geral estoria* (ca. 1340-1360).
- GTL:** «Glosas de textos legais», in Askins, Arthur L.-F. et al. (1997): «Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)».
- LCS:** Rodríguez González, Ángel (ed.) (1992): *Libro do Concello de Santiago (1416-1422)*.
- MS:** *Mirages de Santiago* (ca. 1390-1420).
- OMOM:** Graña Cid, María del Mar (ed.) (1990): *Las órdenes mendicantes en el obispado de Mondoñedo*.
- SHIG:** García y García, Antonio (dir.) (1981): *Synodicum hispanum I. Galicia*.
- TC:** Tradución galega da *Crónica General* e da *Crónica de Castilla* (= Crónica geral galega, primeiras décadas do séc. XIV).
- VFD:** Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*.
- VIM:** Cal Pardo, Enrique (ed.) (1991): «De Viveiro en la Edad Media».

### Correspondencias das siglas de obras medievais non consultadas por medio do **TMILG**

- CC:** Rochwert-Zuili, Patricia (2010): *Crónica de Castilla*. Édition et présentation de Patricia Rochwert-Zuili. Paris: SEMH-Sorbonne.
- GEc:** Sánchez-Prieto Borja, Pedro (2009): *General Estoria. Primera Parte*, 2 vols. Madrid: Biblioteca Castro.
- HT:** Pichel, Ricardo (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. 2 tomos [Tomo I: Estudo histórico-filolóxico. Tomo II: Edición]. [Tese de doutoramento]. Universidade de Santiago de Compostela.
- LC:** Askins, Arthur L.-F. / García-Fernández, Miguel / Pichel, Ricardo (2023): «Unha nova ollada ao testemuño galego do *Livro das confissões*», in Ricardo Pichel (ed.), «*Ten'eu que mi fez el i mui gram bem*». *Escritos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer*. Madrid: Sílex, pp. 667-688.
- LCc:** Pérez, Martín (2013 [2002]): *Libro de las confesiones. Una radiografía de la sociedad medieval española*. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos. Edición crítica, introducción y notas por Antonio García y García, Bernardo Alonso Rodríguez y Francisco Cantelar Rodríguez.

### Correspondencias das siglas de obras dos séculos XVII e XVIII consultadas por medio de Gondomar<sup>27</sup>

- CFB:** «Cantija que Resa un conto pasado cun señor Faraute mandon na vila de Bayona de Jalicia» [ca. 1790].
- FM5:** Vallo de Porras, Bernardo (1697): «Apolo seja conmigo».
- JNC:** Noguero y Camba, Josef (1708): «Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza».
- RUSA:** Romance da urca de Santo Antón (1777).

### Correspondencias das siglas de obras dos séculos XVII e XVIII non consultadas por medio de Gondomar

- HDS:** Souto Cabo, José António (ed.) (2007): *A história de Don Servando*. Estudo e edizón de José António Souto Cabo. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral / Seminario de Estudos Galegos / Edición do Castro [ca. 1625-1637].
- HSII:** Otero Romero y Torres, Pedro de (2011): *Historia da Santa Igrexa de Iria. Manuscrito galego do século XVIII*. Edición e introducción de Bieito Arias e Camiño Noia. Vigo: Universidade de Vigo [1713-1737].
- MFCC:** Monteagudo, Henrique (1996): «Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'», in Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (eds.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 351-375 [ca. 1624].

<sup>26</sup> As referencias bibliográficas de cada obra poden verse no **TMILG**. As datacións de obras medievais en prosa non documental están tomadas de Corral Díaz / Pichel (2020).

<sup>27</sup> As referencias bibliográficas de cada obra poden verse en Gondomar.

## Bibliografía

- Andrade, José M. (1996): «Las *villae* en la Galicia de la mutación feudal: el caso de Celanova», in Pilar Fernández Pintos *et al.* (eds.), *III e IV Semanas Galegas de Historia. A guerra en Galicia. O rural e o urbano na historia de Galicia*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores, pp. 277-290.
- Carballeira Anllo, Xosé María (coord.) (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Conte, Gian Bagio / Pianezzola, Emilio / Ranucci, Giuliano (2000): *Il dizionario della lingua latina*. Firenze: Le Monnier.
- Corominas, Joan / Pascual, José Antonio (1987 / 1989 / 1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*. 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].
- Corral Díaz, Esther / Pichel, Ricardo (coords.) (2020): *Guía para o estudo da prosa galega medieval*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- DLE: Real Academia Española: *Diccionario de la lengua española* <<https://dle.rae.es/>>. [Consulta: 23/06/2023].
- Du Cange: Du Cange *et al.* (1883-1887) [1678]: *Glossarium mediae et infimae latinitatis*. Niort: L. Favre, Imprimeur-Éditeur. <<http://ducange.enc.sorbonne.fr/>> [Consulta: 28/03/2023].
- Ernout, Alfred / Meillet, Antoine (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots*, quatrième édition. Paris: Éditions Klincksieck.
- García Arias, Xosé Luis (2018-2021): *Diccionario Etimolóxico de la Llingua Asturiana (DELLA)*. Uviéu: Universidade d'Uviéu / Academia de la Llingua Asturiana, 7 tomos.
- Glare, P. G. W. (ed.) (2004): *Oxford Latin Dictionary*. Oxford / New York: Oxford University Press.
- González González, Manuel (dir.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>> [Consulta: 27/06/2023].
- González González, Manuel / Santamarina Fernández, Antón (coords.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega. <<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/174/170/497>>.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega. Versión provisional*. Edición fotocopiada. Santiago de Compostela.
- López Alsina, Fernando (2008): «La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: *villa*, parroquia, *terra*», in J. Ángel Sesma Muñoz e Carlos Laliena Corbera (coords.), *La pervivencia del concepto. Nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media*. Zaragoza: Universidad de Zaragoza, pp. 57-111.
- Mariño Paz, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña. <[https://illa.udc.gal/rgf/monografias/pdf/mon\\_2.pdf](https://illa.udc.gal/rgf/monografias/pdf/mon_2.pdf)>.
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Mariño Paz, Ramón (2020): «Variación e cambios en marcha no galego medio. A P6 dos presentes de indicativo de *pór* ou *poñer*, *ter* e *vir* e o desenvolvemento de *ende* como conector ilativo e adversativo», in Rosario Álvarez e Ernesto González Seoane (eds.), *Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 117-151.
- Niermeyer, Jan Frederik / Van de Kieft, C. (2002): *Mediae latinitatis lexicon minus - Lexique latin médiéval - Medieval Latin Dictionary - Mittellateinisches Wörterbuch*. Édition remaniée par - Revised by - Überarbeitet von J. W. J. Burgers, 2ª ed. Leiden / Boston: Brill, 2 vols.
- Papés 1*: Mariño Paz, Ramón / Barreiro Fernández, Xosé Ramón / Aneiros Díaz, Rosa (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (I)*. Edición dos textos, fichas introdutorias e notas de Ramón Mariño Paz. Notas histórico-biográficas de X. R. Barreiro Fernández. Coordinadora da edición: Rosa Aneiros Díaz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Pichel, Ricardo (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico*. 2 tomos [Tomo I: Estudo histórico-filolóxico. Tomo II: Edición]. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Portela, Ermelindo / Pallares, Mª Carmen (1998): «La *villa*, por dentro. Testimonios galaicos de los siglos x y xi». *Studia historica. Historia medieval* 16, pp. 13-43.
- Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Edicións Xerais de Galicia / Editorial Galaxia.
- Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega (1990): *Diccionario da lingua galega*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- REW: Wilhelm Meyer-Lübke (1972): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch*, 5ª ed. Heidelberg: Carl Winter - Universitätsverlag.
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- Varela Barreiro, Xavier (2015): «*Freguesía* e *parroquia*. Dúas voces que reclaman un diccionario histórico para a lingua galega», in Ramón Mariño Paz e Xavier Varela Barreiro (eds.): *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*. Anexo 73 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago, pp. 147-175. DOI: <http://doi.org/10.15304/9788416533657>